

PAT CURSO 2020/2021

Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde

PAT Master Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde curso 2020/2021	
ACTIVIDADE	XUSTIFICACIÓN
Act. 1. Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 01/10/2020	-Presentación da programación do master, materias e responsables de cada materia. -Presentación da materia TFM, procedementos e normativa. -Presentación da materia prácticas, procedementos e normativa. -Explicación dos modos de contacto coa coordinación e responsables de materias. -Asignación de titores aos alumnos (PAT). -Explicación do funcionamento e dinámicas do master, acceso á plataforma da universidade (moovi) e conta de correo. -Explicacións xerais sobre a facultade e Universidade de Vigo.
Act. 2. Asesoramento Seguimento continuo 17/12/2020	-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do primeiro cuatrimestre. -Interese por parte da coordinación do estado dos TFMs. - Asignación de prácticas aos alumnos.
Act. 3. Análise-Avaliación final do PAT 18/03/2021	-Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do curso, quedando so pendentes as prácticas e defensas de TFM en xullo, xa que ninguén solicitou marzo. - Dúvidas dos alumnos respecto ao TFM. - Avaliación do master por parte dos alumnos e suxerencias para vindeiros cursos.
ACTIVIDADES DE ACOLLIDA	XUSTIFICACIÓN
Xornada de presentación. 01/10/2020	Dende a coordinación presentouse información do master (materias, profesorado, acceso á plataforma, procedementos do TFM e prácticas, o PAT...). Finalmente propúxose unha quenda de preguntas na que os alumnos formularon todas as súas inquietudes (datas das prácticas, formato do TFM, avaliación das materias...).
ACTIVIDADES DE APOIO E SEGUIMENTO	XUSTIFICACIÓN
Reunión Grupal. 17/12/2020	Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o primeiro cuatrimestre e a avaliación continua (quedando aínda pendentes os exames de xaneiro). A coordinación tamén se intereseou polo estado dos TFMs. Finalmente, a coordinación preguntou polo tema de prácticas. En canto aos TFMs a maioría tan so ten o tema decidido e comezou a buscar información, centrándose na elaboración do mesmo no segundo cuatrimestre.
Reunión Grupal. 18/03/2021	Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o segundo cuatrimestre e curso en xeral.

	<p>A coordinación tamén se interesou de novo polo estado dos TFMs, xa que no primeiro cuadrimestre a maioría optou directamente pola defensa en xullo.</p> <p>Finalmente, a coordinación matizou pequenos detalles das prácticas, próximas ao seu inicio.</p>
--	---

En canto á titorización, ademais das sesións sinaladas, o alumno pode contactar en calquera momento do curso coa coordinación, ben a través do mail (secretaria@masterturismoourense.es), teléfonos (988368738 ou 988368865) ou concertar unha cita persoal ou online a través do despacho remoto do coordinador do master. Son moitas máis as consultas respondidas vía mail ou telefonicamente que as reunións organizadas.

En todas as sesións presenciais do PAT o número de estudantes asistentes foi de 10.

Ademais, o master ofrece unha rica e completa oferta formativa complementaria que vai máis aló das ensinanzas en aulas. Toda estas actividades son publicitadas aos estudantes a través de diferentes medios físicos e electrónicos, e está dispoñible na páxina web do master (menú blog), así como no seu facebook e instagram.